



Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE CATRO DE SETEMBRO DE 2017. **EXPTE. 4888/2017.**

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA.
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
D^a. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. JOSÉ VIVERO RUSSO

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 04 de setembro de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a do Secretario Accidental, José Vivero Russo, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros D. Jesús Antonio Fernández Cal e D^a. María Isabel Rodríguez López.

Á hora sinalada para este acto, pola Sra. Alcaldesa declárase aberto o mesmo.



Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN LEVADA A CABO O DÍA 28-08-17.

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión do día 28 de agosto de 2017.

2.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

EXPTE. 4331/2017. - PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa "Construcciones Cazás S.L.", con CIF núm. B-27.010.982, referente á obra "Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de agua no treito comprendido entre o núm. 70 e 96 da Rúa Grande de Celeiro" (registro de entrada municipal núm. 5471/2017).

Visto o informe favorable ó devandito *Plan de Seguridade e Saúde* emitido polo arquitecto técnico, coordinador de seguridade e saúde para a execución da obra, D. *Emilio Casal Villares*, asinado o 31 de agosto de 2017.

Vista igualmente a declaración responsable do devandito técnico, asinada o 31 de agosto de 2017, na que declara a súa condición de técnico externo á empresa adxudicataria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación ó Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa "Construcciones Cazás S.L.", con CIF núm. B-27.010.982, referente á obra "Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de agua no treito comprendido entre o núm. 70 e 96 da Rúa Grande de Celeiro".

Segundo.- Notificar este acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación ó interesado.

3. - ROGOS E PREGUNTAS.

Neste apartado non se produce intervención algunha.



Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa-Presidente levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos do día 04 de setembro de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, Secretario accidental, dou fe.